

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

R.P. 2025/6162 Concesión provisional de subvencións do Programa DP0035/2025

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DP0035: PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2025

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.- Por acordo do Pleno da Corporación do 24 de xullo de 2024 aprobouse a modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, e no BOP número 185 de 25 de setembro de 2024 publicouse o seu texto integro e consolidado. Así mesmo, mediante Resolución de Presidencia número 45348, de 7 de novembro de 2024, aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria do Programa DP0035: PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2025

As ditas bases reguladoras foron publicadas no BOP número 217 do 11 de novembro de 2024 e o prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 16 de decembro de 2024 ás 14:00 horas.

Segundo.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela. Modificáronse os orzamentos naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Na partida orzamentaria 0520/17221/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio corrente, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas.

Cuarto.- Constan no expediente os informes da unidade xestora do programa e do Servizo de Fiscalización.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Non admitir as solicitudes que figuran no Anexo 1, polos motivos que se indican.

Segundo.- Conceder provisionalmente as subvencións ás entidades que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0520/17221/481, sendo o importe total proposto de 130.845,44€.

Terceiro.- Publicar a presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A título informativo, publicar esta resolución na páxina web da Deputación.

Cuarto.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes poidan comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, alegacións ou emenda de erros.

Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se desista expresamente, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

Quinto.- A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor dos beneficiarios propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.

ANEXO 1- Non admitidas

Solicitudes	Orzamento	Solicitado	Motivo
Beneficiario: ASOC. GATOS FERALES DE AS PONTES NIF: G44713436 Cod. Exp.: 2024000049880 Obxecto: Alimentación, castración, coidados veterinarios, desparasitación, vacunación de gatos da rúa	10.000,00€	8.000,00€	A entidade solicitante desiste da súa solicitude de subvención.

Total solicitado 8.000,00€

ANEXO 2 – Concedidas provisionalmente

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: AS. PROTEC. SAVE AN ANGEL OS OLVIDADOS NIF: G70531041 Cod. Exp.: 2024000046218 Obxecto: Xestión da canceira do concello de Ribeira. Recollida de animais, tratamento dos mesmos e posterior posta en acollida ou adopción. O noso obxectivo é o sacrificio cero.	13.920,00€	0,2943	47.298,67€
Beneficiario: ASOC. PROTECTORA DE ANIMAIS ARCA DE NOIA NIF: G70376462 Cod. Exp.: 2024000047584 Obxecto: COMPRA DE MEDICAMENTOS, CHIPS E ALIMENTACIÓN E SERVIZOS PROFESIONAIS VETERINARIOS	6.432,00€	0,8000	8.040,00€
Beneficiario: ASOC PROTECTORA DE ANIMALES DOMESTICOS ABANDONADOS DEL NOROESTE (APADAN) NIF: G15776024 Cod. Exp.: 2024000050021 Obxecto: Plan de Alimentación, Hixiene, Profilaxe e Atención Veterinaria dos Cans de APADAN durante o ano 2025	19.040,00€	0,6667	28.558,57€
Beneficiario: ASOC PROTECTORA DE ANIMALES SAN FRANCISCO DE ASIS NIF: G15655285 Cod. Exp.: 2024000048174 Obxecto: Alimentación, coidados e atención veterinaria dos cans aloxados no refuxio da protectora	12.000,00€	0,8000	15.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION COMPORTAMENTO ETICO ANIMAIS COMETA NIF: G15963234 Cod. Exp.: 2024000049649 Obxecto: Proxecto de atención integral de animais domésticos en situación de abandono 2025	13.600,00€	0,4711	28.868,61€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS DO CAMIÑO NIF: G70459045 Cod. Exp.: 2024000048955 Obxecto: Actividades asistenciais 2025	11.197,44€	0,8000	13.996,80€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN NIF: G70047881 Cod. Exp.: 2024000050037 Obxecto: Gastos relacionados coa protección de animais domésticos realizados durante o ano 2025	20.000,00€	0,3333	60.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS MOURA NIF: G70194964 Cod. Exp.: 2024000050222 Obxecto: GASTOS DE PERSOAL E ATENCIÓN VETERINARIA PARA A RECOLLIDA, ATENCIÓN E COIDADADO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA	12.960,00€	0,6061	21.382,61€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS XUNTOS AS MARIÑAS NIF: G70582705 Cod. Exp.: 2024000050252 Obxecto: Gastos Veterinarios e compras de bens non inventariables	13.920,00€	0,4000	34.800,00€
Beneficiario: CALLEJEROS BARBANZA ASOCIACION BENEFICO SOCIAL NIF: G70491642 Cod. Exp.: 2024000049443 Obxecto: PROXECTO PARROQUIAS E RUTINAS II	7.776,00€	0,7500	10.368,00€

Total concedido 130.845,44€

A Coruña, 11 de febreiro de 2025

O presidente,
Valentin González Formoso
(asinado dixitalmente)

A secretaria xeral,
Amparo Taboada Gil
(asinado dixitalmente)

2025/1068